

Feira Medieval



V eciñanza de Covas,
mercaderes e forasteiros
atendede a este pregoeiro
que trae tan boas novas.

Trobaba, con alegría,
hai un ano, por Santiago,
que a feira voltaría
a celebrarse nestes pagos.

A chegádevos eiquí,
e abride ben a orelas
que non son cousas de vellas
o que teño que dicir.

X a chegaron os feirantes
coas súas mercadorías
para quedarse no adro
os vindeiros tres días.

Teremos carne da boa,
empanadas e chourizos,
larpeiradas, pan de broa
viño tinto e bebedizos.

Herbas que van curar
os males máis variados,
dor de ventre, mal soñar
de garganta ou resfriados.

Potingues, traxes, colares
cen pendentos, mil pulseiras,
louza, pezas de tela
e perfumes naturais,
farán que luzan ben guapas,
durante todo o verán,
por tan só unhas moedas
as mozas e ás súas nais.

Tanta festa xamais veredes
miredes onde miredes;
xogares, volatineiros
saltimbanquis e trapalleiros
percorrerán os camiños,
días sí, día tamén,
para que o pasen moi ben
visitantes e veciños.

Máis tarde, ao anoitecer
cantarán os trovadores
para que bailen pegados
as mulleres e os homes.
E, xa para rematar,
donas e cabaleiros,
que vivan os covichieros
e a súa feira medieval.

Covas 24-25-26 de X ullo
de 2009